



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-1105, con data de 21/05/2020, pola que resolveu deixar sen efecto a suspensión do acto de constitución do tribunal cualificador e a proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0707, con data de 17/03/2020, pola que resolveu suspender o acto de constitución do tribunal cualificador e a proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela previstos para o día 23/03/2020 e ata a determinación dunha nova data.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0934, con data de 22/04/2020, pola que acordou a non aplicación da suspensión dos prazos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en virtude do seu apartado cuarto, autorizando a adopción de medidas de iniciación, ordenación, instrución e terminación aos expedientes administrativos relativos, entre outras materias, aos: "Procedementos tramitados polo departamento de persoal, incluída a selección de novo persoal, que resulten necesarios para o funcionamento básico dos servizos municipais. Así como os relativos ao abono das retribucións ás/aos empregadas/os públicos/as e indemnizacións das/os concelleiras/os".

Tendo en conta a evolución da crise sanitaria, o Goberno do Estado iniciou un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, coa finalidade de que, preservando a saúde pública, se recupere paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, a través dun Plan de Transición.





Este concello debe proceder igualmente ao logro do mesmo obxectivo para restablecer a actividade de forma progresiva e, en todo caso, en condicións de seguridade sanitaria tanto para as/os traballadores/as como para a vecinanza en xeral.

Por este motivo, o concello considera que, dadas as circunstancias actuais, pode reactivarse o proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela.

Polo que, tendo en conta o anterior, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Acordar a non aplicación da suspensión dos prazos administrativos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, tendo en conta de que se trata do servizo da policía local, servizo de carácter esencial e prioritario na xestión da crise sanitaria.

SEGUNDO: Deixar sen efecto a suspensión do acto de constitución do tribunal cualificador e da proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela.

TERCEIRO: Acordar que a constitución do tribunal teña lugar o:

DÍA: 29/05/2020

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Na Casa do Concello

CUARTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase da oposición o:

DÍA: 29/05/2020

HORA: 10:30 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5HYR3A3F-4A9P-45MQ/FPFC96LHA | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a data de constitución do tribunal cualificador e a data de realización da proba práctica da fase de oposición deste proceso selectivo.“

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 5HYR3A3F-4A9P45MQMFP0C96LHA | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3